


PONTEVEDRA




ANTENAS DE TELEFONÍA MÓBIL

Colón, 1 – 3 (Paseo)
Colón, 15 (Paseo)
Doutor Loureiro Crespo, 23
Doutor Loureiro Crespo, 69
Echegaray, 24
Eiriña, 1 (Travesía)
Fernando III O Santo, 1
Frei Xoán de Navarrete, 11
García Camba, 14
Iglesias Vilarelle, Sn
Padre Fernando Olmedo, 2
Vigo 30 (Avenida)
Xavier Puig 13
Xeneral Gutierrez Mellado, 4
Xeneral Gutierrez Mellado, 5
Xoaquin Costa, 80
Xose Casal, 10

FORA DA IMAXEN:

Etribela-Nave Protea-Porto
Areales. Mourente, Finca do
Carreiro (Preto de Monteporreiro)
Francisco Asorey (O Burgo)



ZONAS SENSÍBEIS EXPOSTAS:
C. Sanitarios,
Educativos,
Xeriátricos, ..

**A CONTAMINACIÓN INVISIBLE:
OLLO COAS ANTENAS DE TELEFONÍA MÓBIL QUE INVADEN OS NÓSOS BARRIOS !!**

Se queren instalar unha antena na túa comunidade

- Deben informarte dos seus inconvenientes: electropolución, infravaloración do piso e lindantes, ...
- Esixe un informe de certeza de non dano á saúde.
- A instalación necesita dunha **UNANIMIDADE** da asemblea comunitaria (Lei da Propiedade Horizontal), podes facer valer a túa negativa mesmo se non asistiches (notificación antes de 30 días). Sempre terás 3 meses para impugnar dito acordo de instalación.

Sénteste afectado por unha antena?


Confirma se ten **Licencia Municipal**, no caso negativo podes denuncialo ao concello, que ten potestade para a súa desinstalación. En todo caso podes defender o Principio de Precaución.

**Contacta connosco:
solicítanos modelos de actuación**



Asociación Pola Defensa Da Ría
R/ San Xulián, 1, 1ª. Tlf. 986847485
Apdo 414 (36080 Pontevedra)

<http://www.apdr.info>
apdr@apdr.info



Mentres **se silencian os riscos potenciais** para a saúde humana na exposición ás microondas da telefonía móbil (os límites legais a nivel estatal só admiten o **perigo térmico** a curto prazo e non as **alteracións biolóxicas en exposición continua**), asistimos a un amplo consenso: **NON ESTÁ DEMOSTRADA QUE A EXPOSICIÓN A ESTAS ONDAS SEXA SEGURA:**

- Ningunha compañía de telefonía móbil pode defender de forma concluínte a súa inocuidade sobre a saúde; pola contra, aconsellan veladamente, nas súas guías, precaucións coma a de manterse afastado do teléfono móbil a 2,5 cm durante a transmisión.


- Imposibilidade de que unha **axencia de seguros subscriba unha póliza que faga fronte aos posibles danos para a saúde das persoas expostas a esta electro-contaminación.**

O PROXECTO REFLEX: Estudio multicéntrico da Comisión Europea (12 centros de investigación de 7 estados europeos dende 2000 ao 2004) É CONCLUINTE: a radiación da telefonía móbil aos niveis autorizados (sen ter en conta o Principio de Precaución) PROVOCA EFECTOS XENOTÓXICOS (danos xenéticos e celulares) cunha exposición CONTINUADA nos humanos (máis relevante na infancia e na vellez).

Estes resultados concordan coas sospeitas da relación co cancro e as enfermidades neurodexenerativas, dos numerosos estudos de laboratorio e epidemiolóxicos que mostran a multiplicación duns tipos de doenzas arredor das antenas de telefonía móbil (Francia, EEUU, Alemaña, Majadahonda, Valladolid,...).

Son numerosos os estudos científicos que constatan o seu perigo e apelan ao **Principio de Precaución** e a proseguir á investigación.

O instituto público británico **NRPB** (National Radiological Protection Board) dende o ano 2000 (Informe Stewart) **demanda tomar precaucións en tódolos menores de 16 anos** pola evidencia dunha **maior absorción cerebral** das radiacións de telefonía móbil, constatando no 2005 o perigo do seu uso cada vez maior sen regulación.



A complexidade, a marxinación e a intoxicación interesada á que están sometidos estes experimentos en laboratorios, lévannos a esperar que se **desenvolvan síntomas e enfermidades na poboación exposta** (anos de evolución nun fenómeno aínda moi recente) **ou a actuar xa.**

No ámbito galego e do estado español cada vez se alzan máis voces (investigadores, xudicatura, asociacións de veciñ@s, ANPAS, colectivos de afectad@s) **apoiando o Principio de Precaución, denunciando a falta de ética que subordina a saúde e a seguridade da cidadanía aos intereses económicos,** estendendo salvaxemente unha tecnoloxía sen controlar as súas repercusións na saúde humana.

Xa son moitos os estados, administracións autónomas e cidades, que adoptan dito Principio de Precaución (recollido pola Comisión das Comunidades Europeas no 2000), na procura de afastar as antenas de telefonía móbil (ou reducir a súa emisión ao mínimo biolóxicamente tolerábel) nas zonas sensíbeis como garderías, escolas, hospitais, centros xeriátricos (como a normativa de Castilla La Mancha ou da Suíza); ou das vivendas en xeral (como se está a defender nos Concellos de Paterna ou Getafe)

SINTOMATOLOXÍA RECOLLIDA NA AMPLA BIBLIOGRAFÍA MÉDICA REFERENTE Á EXPOSICIÓN AOS CAMPOS ELECTROMAGNÉTICOS:

- **Trastornos Neurolóxicos:** cefalea, irritabilidade, fatiga, mareos...
- **Trast. Mentais:** alteracións do humor, depresións, ...
- **Trast. Cardiopulmonais:** no ritmo cardíaco, na presión sanguínea, ...
- **Trast. Reproductivos:** infertilidade, abortos, ↓ libido,...
- **Aumento do risco dalgúns Cancros:** leucemias agudas e tumores do SNC na infancia, ...
- **Trast. Dermatolóxicos:** dermatite e alerxia inespecíficas.
- **Trast. Hormonais:** na melatonina, nas substancias neuro-secretoras, nas hormonas sexuais.
- **Trast. Inmunitarios:** alteracións do sistema de inmuno-vixilancia anti-infecciosa e antitumoral.